

COMUNICACIÓN INTERPERSOAL E COMUNITARIA

2º Curso. Grao en Xornalismo

Profesor: Marcelo A. Martínez Hermida

Daniel Viña Teijo

Curso 2012-2013

Índice.

Comunicación.	1
Conceptos a reconocer nos nosos traballos.	1
Producción de sentido.	1
Medios comunitarios.....	2

Comunicación.

Van Dijk: creador da Teoría do discurso do poder.

A **comunicación** é, desde o punto de vista da comunidade, a **acción en común**. Comunión. É a actividade da comunidade.

A comunidade é o grupo que produce a acción.

Ambas palabras teñen unha raíz común: *Munus*, que significa «débeda, carga». Fai referencia á débeda ao compromiso social. *Munus* provén do indoeuropeo *Mein*, que significa «intercambio (bens)».

Na comunicación debe haber algo común, coñecemento entre as persoas que practican unha relación comunicativa.

No pensamento **occidental** fixámonos, sobre todo, no **ser**: favorece problemas co contexto.

No pensamento **oriental**, nas culturas precolombinas, etc., predomina o **estar**: a harmonía co entorno/ser parte do contexto.

A comunidade nunca está pechada, aínda que o pareza.

Atopámonos en comunidade, pero non coñecemos os fíos de poder que nos atravesan na comunidade.


Gatti, De Merinis, Irezutza: entenden a **comunidade** como **sensación**. Necesítase un proceso de cambio continuo na comunidade.

O inverso da comunidade é a **inmунidade**.

Conceptos a recoñecer nos nosos traballos.

1. **Territorio**: Cando falamos de comunidade relacionamos o territorio con calquera tipo de espazo (local, barrial, rural...). Pero tamén hai espazos como a aula no que cada un ten o seu rol; encontros escenarios. Cando tratemos de localizar o territorio
2. **Cobertura**: moitas veces tende a sobrepassar as fronteiras locais, barriais, rurais... isto depende do dispositivo de amplificación.
3. **Participación**: refírese ao aspecto relacional e ao compromiso que levan esas relacións. Obrigación mutua, aportar. Que haxa un interese e beneficio.
4. **Acceso**: falamos de control. DE quen entra a saber que. Hai xerarquización, alguén na comunidade dá acceso a que. O acceso impón réximes porque marca, controla...

Producción de sentido.



Medios comunitarios.

É importante situar o espazo no que nos atopamos. Ubicalo dentro das regulacións que existen no Estado español, Europa...

No espazo español o medio comunitario é un espazo moi presionado.

Non é o mesmo un **medio de masas** (orixe no sistema liberal) que un **medio comunitario** (persegue unha estratexia de abaixo a arriba). O medio comunitario baséase nunha rede de interrelacións non dun criterio de masa público, de propaganda, senón nun criterio de **construción**. Medio comunitario en tanto que **apropiación das comunidades**, é un instrumento para **dar voz**. Hai unha gran separación entre o que concibimos na academia que o que realmente se emprega nas comunidades. Hai que achegarse ás comunidades para coñecer o medio comunitario.

Orixes do medio comunitario:

1. Pedagogía, medios de aprendizaxe. Vocación do medio comunitario para a **aprendizaxe**, capacitación da comunidade.
2. Vocación de **contrapoder**, contrahexemonía.
3. **Negociación**. Afastamento da violencia (do Estado, da burocracia). Actúan como mediadores das comunidades ante as institucións. A tentativa de diálogo é fundamental nun medio comunitario.

Outro banzo importante que se separa da concepción do medio, porque é unha concepción máis comunitaria e de sistema que o de medio: **horizontalidade** e **verticalidade**. A **horizontalidade** persegue esa fraternidade e igualdade que se traballa desde a R. Francesa. É un discurso. O importante é que exista **circularidade**, propia das familias: a comunicación vai e vén, todo o mundo participa. Isto centra o corazón dos medios comunitarios, non tanto a horizontalidade ou verticalidade: que todo o mundo aporte.

Hai moita innovación tecnolóxica por descubrir, á parte das que estamos afeitos a empregar. Hai que investigar nas técnicas de cultivo que ten a propia comunidade, que soen ser máis baratos e poñen mellor á xente en comunicación.

O sistema de financiamento dos medios. O sostén dos medios comunitarios non pertence ao financiamento *per se*. Isto ven do peto dun mesmo, do *crowdfunding*, de doazóns, de sorteos...